

REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO AULA DE EDUCACIÓN SECUNDARIA DE ADULTOS

1.- Matrícula.

a. Prazas ofertadas : 60.

b. Criterios de selección.

1º Orde de presentación de solicitudes.

2º Alumnado que cursase ensinanzas na aula durante o curso 2013/2014 e que desexe continuar os seus estudos na mesma.

3º **Persoas empadroadas no Concello de Boiro.**

4º **persoas empadroadas noutros concellos.**

5º En todo caso reservárase un 10 % das prazas para persoas con minusvalía física, psíquica ou sensorial.

c. Procedemento e documentación.

O procedemento para matricularse nestas ensinanzas será o seguinte e constará de tres fases :

1ª fase : fase de admisión.

As persoas interesadas presentarán por rexistro do Concello unha solicitude dirixida ao alcalde-presidente cubrindo o modelo do ANEXO I (que se facilitará na Casa da Cultura ou no Concello) e acompañado da seguinte documentación :

Documentación :

- 1 fotocopia do DNI.
- **Volante de empadramento.**
- Certificado de minusvalía física, psíquica ou sensorial, igual ou superior ao 33% (de selo caso).
- Declaración de ter cursado estudos na aula durante o curso 2013/2014 (de selo caso).
- Xustificante dos estudos realizados mediante fotocopia do documento correspondente, autorización para o alumnado menor de idade, segundo o modelo do ANEXO II.

2ª fase: Análise das solicitudes presentadas e resolución.

Nesta fase unha comisión de valoración analizará as solicitudes presentadas e elevará un informe á Xunta de Goberno Local onde se recolla a proposta de resolución de admitidos/as ata completar as 60 prazas.

Esta comisión estará constituída polas dúas profesoras e pola concelleira de educación.

Vista a proposta da comisión de valoración a Xunta de Goberno Local tomará o acordo que estime oportuno.

3ª fase: Formalización oficial da matrícula.

O alumnado seleccionado deberá cubrir o impreso oficial da matrícula acompañado da seguinte documentación :

Documentación :

1. 2 fotografías de tamaño carné.
2. Xustificante de ter ingresado as cotas correspondentes.
3. Contrato de traballo (menores de 18 anos)

d. Cotas :

d.1. Cotas de inscrición.

O alumnado admitido contribuirá con **40,00 €** ao mantemento da aula, para axudar a cubrir os gastos xerais derivados dos consumos eléctrico e de calefacción, limpeza e gastos de material didáctico que precisa o profesorado para o desenvolvemento das súas actividades docentes (gastos de fotocopias, merca de manuais didácticos e bibliografía, etc.).

Esta cota ingresarase na seguinte conta bancaria : 2080 030845 3110000117 ABANCA ..., **debedo facer constar expresamente no recibo de ingreso o seguinte concepto : "Cota de inscrición aula de educación secundaria de adultos."**

d.2. Taxas oficiais de matrícula.

- 3,00 € impreso de matrícula (IES San Clemente).
- 1,12 € seguro escolar (ata os 28 anos).

Estas cantidades ingresaranse nunha conta que o IES San Clemente ten aberta Abanca.

e. Prazos

1.ª fase (presentación de solicitudes) :

Do 8 ao 19 de setembro (ámbolos dous inclusive). Deberán presentarse no rexistro xeral do Concello.

2ª fase (resolución das solicitudes) :

- **aprobación da resolución provisional na Xunta de Goberno Local :**

24 de setembro.

O listado provisional de admitidos/as expoñeráse nos taboleiros de anuncios do Concello e da Casa da Cultura e publicarase na páxina web.

Tamén se pode consultar o listado provisional chamando ao teléfono : 981 848 425

- **Prazo de reclamacións :**

Do 26 de setembro ao 4 de outubro (ámbolos dous inclusive)

- **aprobación da resolución definitiva na Xunta de Goberno Local :**

8 de outubro

3ª fase (formalización oficial da matrícula) :

Do 13 ao 21 de outubro (ámbolos dous inclusive).

(*fragmento do regulamento existente)